CEIP Santa Baia
Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| E-mail: ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN ALUMNADO PARA O VINDEIRO CURSO 2021/2022

SOLICITUDES DE ADMISIÓN

PRAZO DE PRESENTACIÓN: do **1 AO 22 de marzo** (ambos inclusive)

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

1. Impreso de solicitude Anexo II (procedemento ED550B). Poderase presentar de forma presencial no centroeducativo ou de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*.
   A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.
2. Fotocopia de todas as follas do Libro de Familia.
3. Fotocopia DNI do alumno e do pai, nai ou titor/a.
4. **Certificado do padrón con antigüidade dun ano**, con todos os membros da unidade familiar. No caso de que o menor conviva con outros familiares, é necesario **Certificación específica de convivencia real**, expedida polo concello a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.

Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, para presentar a documentación xustificativa dos criterios de admisión alegados. No caso de que a persoa solicitante o autorizase na solicitude, consultaranse de forma automática a través de *admisionalumnado* (salvo oposición expresa que conste na solicitude) e non será necesario acreditar os datos relativos aos puntos 9,10 e 11.

Documentación para o baremo:	Puntos
Domicilio dentro da área de influencia do centro: **certificado do padrón municipal**	6
Domicilio dentro das áreas limítrofes do centro: certificado do padrón municipal	3
Pola proximidade do lugar de traballo ao centro (non é compatible coa do domicilio familiar)	4
Pola proximidade do lugar de traballo ás áreas limítrofes do centro	2
Por ter un/ha irmá/n matriculadx no Centroou no IES"ACachada"	8
Pola segunda e seguintes irmá/irmáns matriculadx/s no centro	2 por cada un
Condición de familia monoparental(certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia)	2
Por ser traballador/a do propio centro	3
Calcular a renda familiar do ano 2019: sumar os recadros 435+460(sempre os dous cónxuxes)**e dividilo polos membros da unidade familiar**(IPREM 6.454,03 €) Non é necesario presentar a renda.	Máximo 3
Familia numerosa: fotocopia compulsada do libro de familia numerosa que deberá estar actualizada.	Máximo 3
Pola condición de discapacitado (Achegar documentación acreditativa)	Máximo 4